

## **Índice de vendas de comercio polo miúdo. Setembro 2006**

### **COMUNICADO**

---

### **Aumentan un 8,7% as vendas do comercio polo miúdo no mes de setembro de 2006 con respecto a un ano antes**

#### **As vendas no comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 8,7% en setembro de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior**

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia, que recolle as variacións mensuais nas vendas das empresas con esa actividade principal, rexistrou no mes de setembro de 2006 un incremento interanual do 8,7%, en termos correntes, cifra que se mantén cando se corrixe a serie do efecto producido polo calendario, é dicir, cando se elimina a influencia do distinto número de días hábiles e non hábiles entre un mes e outro. No acumulado do ano o incremento situouse no 8,9%, un 8,7% se o corriximos polo calendario.

Se analizamos as vendas en termos correntes por produto, o mes de setembro revela incrementos interanuais en todos os produtos: alimentación (2,7%), equipamento da persoa (6,4%), equipamento do fogar (8,1%) e outros produtos (15,7%).

#### **As vendas nas grandes superficies non especializadas de Galicia creceron un 6,6% con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

Por tipo de actividade da empresa, o índice de comercio especializado de setembro de 2006 aumentou en termos correntes un 10,3%, con respecto ao mesmo mes de 2005, e o do comercio en establecementos non especializados un 6,8%.


O indicador conxuntural de vendas en grandes superficies non especializadas de Galicia, que recolle as vendas nas empresas con algún establecemento con superficie de venda superior aos 2.500 m<sup>2</sup>, presenta en setembro unha taxa de variación anual do 6,6%, en termos correntes, e un 5,3% no acumulado do ano.

**Índice de vendas de comercio polo miúdo. Setembro 2006.**  
**Datos provisionais**

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	144,6	8,7%	8,9%
Xeral (corrixido de calendario)	143,1	8,7%	8,7%
<b>Por actividade</b>			
Especializado	142,1	10,3%	11,8%
Non especializado	145,1	6,8%	2,9%
Grandes superficies	167,8	6,6%	5,3%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>